



XUNTA
DE GALICIA

INSTITUTO EDUCACIÓN
SECUNDARIA MARÍA SOLIÑO
36000922

Monte Carrasco, 14
36949 Cangas
T. +34 886 120 012
ies.maria.solino@edu.xunta.gal

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

IES MARÍA SOLIÑO CANGAS

CURSO: 2023/24



DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: [07/09/2023](#)

DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO: [10/10/2023](#)

DATA REMISIÓN Á INSPECCIÓN: [11/10/2023](#)

Este Plan anual é, loxicamente, a continuación dos presentados en cursos anteriores, xa que hai proxectos en marcha que deben continuar e corresponde valorar como será esa continuación.

Esta continuidade do traballo será dirixida polo equipo directivo, que está formado por:

María Arántzazu Vega (Directora)

Susana Otero (Vicedirectora)

Antonio Gigirey (Secretario)

María Monserrat Logroño (Xefa de Estudos)



TÁBOA DE CONTIDOS

- I. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO ACADÉMICO
- II. RECURSOS PREVISTOS
- III. PROXECTO EDUCATIVO
- IV. CONCRECIÓN CURRICULAR
- V. LIBROS DE TEXTO E DE MAIS MATERIAIS CURRICULARES ESTABLECIDOS NO CENTRO
- VI. HORARIO XERAL DO CENTRO
- VII. ORGANIZACIÓN DE SERVICIOS COMPLEMENTARIOS
- VIII. PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO NO CENTRO
- IX. PLURILINGÜISMO
- X. PROGRAMAS E PLANS NO CENTRO
- XI. PROGRAMA DE FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABALLO
- XII. PLAN DE ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE
- XIII. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN
- XIV. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO
- XV. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO

I. OBXETIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO ACADÉMICOS:

O IES María Soliño ten como finalidade fundamental formar e transmitir ao alumnado elementos básicos da nosa cultura e preparamos para acceder á Universidade, á Formación Profesional ou acadar a inserción social e laboral. O labor educativo do IES María Soliño baséase no respecto mutuo, no diálogo, na reflexión, colaboración e na solidariedade, rexeitando calquera tipo de discriminación. Neste senso o Centro pretende constituírse nun espazo de convivencia e formación da xuventude do seu entorno, nun ambiente plural que promova a participación, a tolerancia, a solidariedade e o desenvolvemento intelectual nunha perspectiva crítica e racional da cultura, a sociedade e a ciencia do noso tempo. Asemade, se declara como entorno promotor e dinamizador da lingua galega, procurando que esta sexa cada vez máis a lingua vehicular no ámbito escolar, de modo que o alumnado acade un dominio pleno, tanto oral como escrito, das dúas linguas oficiais; sen esquecer a adquisición de destrezas orais e escritas nalgunha das linguas estranxeiras que se están a engadir na oferta educativa do IES María Soliño: *francés, inglés e portugués*. Por último, o IES María Soliño maniféstase como centro educativo laico e aconfesional respectuoso coas ideas e crenzas individuais dos membros que compoñen a nosa comunidade educativa.

Para este curso 2023/2024 formulamos os obxectivos seguintes:

1.- Potenciar a implicación e a participación das familias.

1.1.- Facilitar ás familias o coñecemento puntual do funcionamento do centro.

Actualización constante da información publicada na web do centro, avisos desde a plataforma abalar ou remisión de circulares impresas sobre a organización e o funcionamento do centro, inicio de curso, libros de texto(Bacharelato),elección de representantes ao consello escolar, materias pendentes, folgas de alumnado, axudas varias, programa de actividades, probas de acceso a ciclos formativos...

Responsables: Equipo directivo, departamento de orientación.

1.2- Favorecer a comunicación coas familias mediante o Espazo Abalar e subscrición do profesorado e de nais e pais na **plataforma abalar móbil**, a fin de que estes últimos reciban información puntual do centro, como convocatorias, avisos e incidencias etc, dos resultados da avaliación dos seus fillos e fillas e poidan xestionar online as citas de titoría así como información puntual das medidas de corrección aplicadas.

Responsables: Equipo directivo, tutores e profesorado en xeral.

1.3.- Reunións de titoría para a posta en común de información e de estratexias para a mellora de resultados individuais e da dinámica do grupo.

- Reunión inicial de curso coa información sobre o funcionamento e organización do centro e sobre as características da ESO e Bacharelato.
- Reunións puntuais para facilitar a súa implicación como colectivo e facilitar o sentimento de responsabilidade. Potenciar o coñecemento sobre o sistema educativo mediante actividades de orientación.



- Reunións individuais de intercambio de información para, en determinado casos, favorecer a subscrición e seguimento de compromisos académicos e de convivencia.

Responsables: Equipo directivo, departamento de orientación e titores.

2- Mellorar o uso das TIC no desenvolvemento das actividades educativas segundo o Plan Dixital de Centro.

2.1.- Actividades didácticas:

- Incorporación nas programacións didácticas actividades que inclúan o uso das ferramentas TIC. Emprego de E_DIXGAL na ESO, con todas as materias excepto Lingua e Literatura Galega.
- Emprego normalizado en tódalas materias dos equipos informáticos e audiovisuais das aulas, da aula virtual e aulas de informática. Utilizar as fontes da información (especialmente as relacionadas coas tecnoloxías da información e a comunicación) para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos.

Responsables: Departamentos, coordinadora Plan Dixital e profesorado en xeral.

2.2.- Actividades lectoras.

Procurar actividades lectoras contemplan dalgún xeito a aplicación das TIC, mesmo dende a biblioteca con actividades de busca de información e propostas cooperativas.

Responsables: Departamentos, coordinador de biblioteca e profesorado en xeral.

2.3.- Acción tutorial:

Fixar tamén actuacións de uso das TIC para o desenvolvemento do PAT como a procura de actividades de tutoría con recursos dixitais

Responsables: Orientadora, coordinadora Plan Dixital e titores.

2.4.- Actividades formativas:

Creación dun **grupo de traballo** no centro para desenvolver o Plan Dixital do centro e para o enriquecemento das respectivas aulas virtuais dos distintos departamentos e áreas, incorporando contidos, recursos e actividades interactivas que complementen o ensino presencial.

Responsables: Coordinadora do plan dixital, departamentos, profesorado en xeral.

2.5.- Plan dixital do centro:

Desenrolo do **Plan Dixital** do centro recentemente aprobado, avaliación do Plan

Co fin de propiciar o desenvolvemento tecnolóxico integral do Centro. Este curso o centro continúa no Proxecto E_DIXGAL na ESO, con todas as materias excepto Lingua e Literatura Galega.

Responsables: Coordinadora Plan Dixital, profesorado en xeral.



2.6.- Préstamo de Kits de EducaDixital:

Préstamo de Kits dixitais ao alumnado en situación de fenda dixital por non ter na súa casa conexión a internet e/ou non contar con equipamento informático. Ditos kits serán entregados para o seu uso durante o curso escolar para o traballo educativo desde a casa, e mentres se manteñan as condicións de situación que deron lugar a cesión. O kit está composto de ordenador, router sen fíos e tarxeta de conexión de datos.

Responsables: Secretario, titores, pais e nais e alumnado.

3.- Afondar no desenvolvemento do Proxecto Lector.

3.1.- Programa de biblioteca e plan anual de lectura.

Deseño dun **programa de biblioteca**, segundo as instrucións para este curso sobre a organización e funcionamento das bibliotecas escolares. Este incorporará reunións periódicas do equipo da biblioteca para a coordinación da aplicación do **plan anual de lectura** e o seu seguimento así como a coordinación de actividades cooperativas a desenvolver na biblioteca. Cada departamento desenvolverá o plan reflectido na súa programación e valorará a súa eficacia. Avaliación do logro de obxectivos do plan lector e elaboración das memorias previstas.

Reforzar a colaboración cos departamentos para a concreción das súas actividades lectoras, de cara a elaboración de proxectos de investigación documental, tanto individuais como cooperativas, con enfoques interdisciplinarios e impulsando a integración das TIC.

Responsables: Coordinador, equipo de biblioteca escolar e departamentos.

- Constitución do equipo de biblioteca.
- Formación dos membros do Equipo de Bibliotecas nas distintas labores inherentes á mesma (procura e ordenación de libros nas baldas, procura de materiais no MEIGA, ...) propias de xestión da biblioteca do *Equipo de Auxiliares de Biblioteca*.
- Formación de Usuarios realizadas nas primeiras semanas do curso en todos os niveis da E.S.O. e Bacharelato.
- Continuar co proxecto de "Mellora de bibliotecas escolares", "e "auxiliares de biblioteca" "Bibliotecas escolares solidarias integardo no plan Lía"
- Continuar cos Clubs de lectura, solicítanse tres: "Manga" para alumnado de todo o centro, "Cómics" para alumnado de ESO e "Lectura Fácil" para alumnado de ESO e persoal do Juan XXIII.
- Calendario de actuacións e reunións periódicas para a coordinación do desenvolvemento das actividades a realizar, do material necesario, a súa valoración e elaboración dos informes para o claustro e consello escolar.

Responsables: Coordinador e profesorado do equipo da biblioteca.



4.- Impulsar o PAT e as medidas curriculares e organizativas de atención á diversidade.

4.1.- Acción tutorial. Diseñar calendario de reunións para a coordinación do PAT. Tratar de mellorar a eficacia do programa de tutoría a partir das valoracións das actividades de tutoría realizadas e da memoria do curso anterior.

Responsables: Equipo directivo, departamentos de orientación e titores.

4.2.- Atención á diversidade.

Asignar profesorado para a aplicación destas medidas segundo a dispoñibilidade horaria e incorporar aos proxectos didácticos a programación e avaliación das mesmas. Mellorar o seguimento destas medidas dende o departamentos de orientación e didácticos, titorías e informe á xefatura de estudos.

Aplicación do plan de acollida para o alumnado e do programa de habilidades sociais.

Revisión dos programas de reforzo e recuperación nas materias pendentes e os programas específicos para o alumnado repetidor.

Analizar os casos de exención de lingua galega, validacións de Música ou materias específicas optativas por cursaren ensinanzas profesionais de música ou danza.

Os reforzos das linguas e Matemáticas para o alumnado de 1º e 2º cursos con exención en 2ª L.E. Francés/Portugués.

Desenvolvemento de medidas de apoio particularmente para o alumnado con ACS

Responsables: Equipo directivo, departamento de orientación e didácticos e profesorado implicado.

4.3.- Convivencia.

Difusión das Normas de Organización e Funcionamento e do Plan de convivencia e concreción e redacción de normas de aula para fomentar a implicación do alumnado na mellora das relacións e o cumprimento das mesmas.

- Fomentar a resolución pacífica de conflitos rexeitando os comportamentos violentos. Engadir Equipos de mediación e recreos inclusivos.
- Promover o desenvolvemento persoal do alumnado, procurando que adquiran unha formación reflexiva e crítica.
- Favorecer a integración do alumnado.
- Favorecer o respecto dos dereitos individuais e do grupo, velando porque o mal uso da liberdade individual non vulnere tales dereitos, informándoos oportunamente dos dereitos e deberes como alumnos do centro, segundo as directrices marcadas pola lexislación vixente e as especificacións do Consello Escolar.
- Especial atención ás actitudes e á utilización da linguaxe non sexista.



Responsables: Equipo directivo, orientación e responsables de dinamización da convivencia e titores.

5.- Mellora de resultados e da calidade didáctica.

5.1.- Potenciar as Linguas estranxeiras.

- Potenciar o plurilingüismo.
- Impulsar máis seccións Bilingües noutros idiomas Portugués e Francés.
- Consolidación das seccións bilingües en INGLÉS, contando coa intervención do auxiliar de conversa.
- O Departamento de Inglés, prepara ó alumnado nos recreos para a acreditación das probas de nivel.
- Oferta de segunda lingua estranxeira: Francés e Portugués.
- Acadar un uso fluído das dúas linguas oficiais da comunidade; asemade, comprender e expresarse de maneira apropiada nalgunha lingua estranxeira.
- Favorecer a mobilidade do alumnado mediante a transnacionalidade da FCT e o Programa ERASMUS+

Responsables: Equipo directivo, coordinadores e profesorado de sección bilingües, auxiliar de conversa, profesorado de idiomas e titora da FCT.

5.2-Plan de dinamización do galego no centro .

Elaboración dun plan exhaustivo de actividades, *clubs de lectura, concursos e iniciativas en redes sociais etc.*

Responsables: Coordinadora e equipo de Normalización Lingüística,

5.3- Desdobres en materias instrumentais.

Priorizando os primeiros cursos da ESO.

Responsables: Equipo directivo e orientación.

5.4.- Potenciar a formación de Equipos de alumnado para participar en clubs de ciencia, co obxectivo de impulsar as vocacións STEM.

- Obradoiros de ciencia nos recreos inclusivos para alumnado ESO
- Consolidación do Proxecto STEMBach: Este é o cuarto curso.

Responsables: Coordinadores STEM. 1º BACH Antonio Franco, 2ºBACH Alenxandre Ríos

Pofesorado dos departamentos de Física e química, Tecnoloxía, Bioloxía e xeoloxía e Matemáticas.

Alumnos/as: 1º BACH 14, 2ºBACH :14(Stembach)



5.5-Programación didáctica.

Actuacións dos departamentos encamiñadas a:

- Revisión das programacións didácticas e elaboración segundo a nova lei educativa(aplicación PROENS)
- Adaptación das programacións aos cambios normativos relativos á avaliación, promoción e titulación.
- Análise dos resultados polos departamentos e elaboración de histórico de resultados.

Responsables: Departamentos didácticos.

5.6.-Metodoloxía.

Incorporar ás programacións didácticas actuacións encamiñadas a:

- Promover o desenvolvemento persoal do alumnado, procurando que adquiren unha formación reflexiva e crítica,
- Prever actividades diversificadas e variedade de recursos.
- Favorecer o traballo en grupo.
- Desenvolver a capacidade de observación, así como a adquisición de hábitos de traballo "aprender a aprender".
- Diminuír a taxa de fracaso escolar.
- Promover a implicación das familias.
- Potenciar as TIC.
- Potenciar actividades de lectura.
- Incentivar e valorar o esforzo.
- Favorecer a autoavaliación e a coavaliación.
- Fomentar o coñecemento dos costumes e tradicións da nosa comunidade.
- Pontenciar actividades para o fomento de hábitos de estilo de vida saudable.

Responsables: Departamentos didácticos.

5.7.- Revisar o procedemento de avaliación das competencias clave en cada materia e de promoción e titulación do alumnado.

Responsables: Departamentos didácticos, orientación e C.C.P.

5.8.- Retomar todas aquelas actividades complementarias e celebracións que incrementen o acervo cultural e o desenvolvemento persoal e social.

- Potenciar a participación en proxectos e concursos audiovisuais.



- Potenciar a participación do alumnado no grupo de teatro do IES M^aSoliño.
- Potenciar a participación nos obradoiros e actividades deportivas nos recreos.
- Incentivar a participación en actos académicos e actividades complementarias.
- Colaborar cos centros adscritos mediante proxectos e charlas informativas.

Responsables: vicedirectora, departamentos e profesorado en xeral.

6.- Mellora do clima de traballo, convivencia e respecto por proceso de ensino-aprendizaxe.

- Promover o coñecemento do Plan de Mellora da Convivencia e as Normas de Organización e Funcionamento do Centro entre todos os membros da comunidade educativa. Refundir do xeito máis breve posible os citados documentos no relativo as normas básicas de convivencia e ao funcionamento do centro.
- Revisar os procedementos de actuación e corrección ante as condutas reiteradas de carácter leve segundo a normativa vixente (decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar) e os documentos do centro referidos anteriormente, de xeito que fagamos fincapé na adopción de medidas correctoras de xeito inmediato, comunicación ás familias e busca da súa participación nas mesmas, seguimento do titor, orientación e intervención da mediación doutros membros da comunidade educativa nos casos susceptibles da mesma.
- Reforzar o funcionamento da comisión de convivencia e a formación de equipos de mediación e facilitar todas as accións formativas do profesorado, alumnado, familias e persoal non docente en relación á convivencia escolar.
- Posta en práctica da aula de convivencia inclusiva en todas as horas lectivas e períodos de recreo para atender aos alumnos derivados puntualmente con tarefas específicas que lles encargue o profesor/a que os derivou, a aqueles con problemas de condutas reiterados con tarefas suplementarias que contribúan á adquisición de habilidades e competencias sociais, e aquel alumnado derivado pola substitución dun tempo de expulsión que igualmente desenvolverá traballo que lle permita a continuidade do proceso formativo nas respectivas áreas así como traballo en habilidades, competencias e corrección das súas condutas.
- Reforzar o papel do titor/a do alumno para o seguimento dos alumnos/as con problemas disruptivos e de convivencia, comunicación coas familias buscando o seu apoio e complicidade nas correccións oportunas, e colaboración con xefatura de estudos, departamento de orientación e equipo de mediación.
- Promover a inclusión no Plan de Acción Titorial de todas aquelas actividades que favorezan un bo clima de convivencia entre o alumnado.

Organización e distribución do alumnado nos diferentes grupos seguindo criterios pedagóxicos e de prevención de posibles problemas de convivencia, de xeito que procuremos o equilibrio entre os mesmos en canto a características académicas e sociais dos alumnos e alumnas.



Responsables: Equipo directivo, orientación, comisión de convivencia, tutores, profesorado en xeral.

7.- Desenvolver o Prácticum do profesorado.

Acreditar o centro, persoas coordinadoras e titoras para o desenvolvemento do prácticum correspondente ao máster en Profesorado de ESO.

Desenvolver as accións previstas nos plans de acollida e de acción tutorial así como as funcións específicas de avaliación do alumnado asignado. Valorar o deseño e desenvolvemento do prácticum.

Responsables: Coordinadora e tutores do prácticum.

8.- Desenvolver o Plan de autoprotección do centro.

Realización de sesións formativas para dar a coñecer o plan e de do simulacro de evacuación do centro .

Responsables: Equipo de emerxencia e intervención.

9.- Mellora do equipamento e a infraestrutura do centro:

- Reenviar á Consellería a solicitude de mellora nas edificacións do centro, en particular o cambio da cuberta do edificio.
- Mellorar a eficiencia enerxética do centro: solicitando estudio enerxético, cambio de fiestras e portas, caldeira e paneis fotovoltaicos.
- Solicitar a renovación de equipos da aula de informática que teñen unha antigüidade maior.
- Comprobar a conectividade a Internet nas aulas e nos diferentes espazos do centro, asegurándose de contar cunha velocidade adecuada para a realización das actividades educativas. Nos casos necesarios solicitar a UAC a súa intervención.
- Solicitar ampliación da biblioteca.
- Continuar coa a mellora do chan das pistas externas
- Fomentar a conservación das instalacións e material do centro.
- Intentar reducir o consumo de papel para favorecer unha xestión eficiente dos nosos recursos.
- Fomentar o reciclaxe en tódalas aulas.
- Controlar o consumo eléctrico.

Responsables: Directora e secretario.



10.- Fomento de hábitos de vida saudable:

- Promover a participación do alumnado en actividades que conduzan a concienciación para unha vida máis saudable: educación en saúde(alimentación e exercicio físico), prevención de riscos laborais, conducción responsable, riscos derivados do consumo de drogas, coidado do medioambiente, (incluirase no Plan de actividades).
- Resaltar que a materia Proxecto competencial de 3ºESO, ten como título "vida saudable"
- Continuar cos equipos de alumnado dedicados a rexistrar os datos da estación meteorolóxica, concienciando do cambio climático.

II. RECURSOS PREVISTOS

Recursos Humanos:

O centro conta cun excelente e esforzado equipo humano, composto por 49 profesores e profesoras, e 8 membros de persoal de administración e servizos, que atenden con especial dedicación ao alumnado e familias.

Coas seguintes comisións a nivel xeral:

- Comisión económica.
- Comisión de convivencia.
- Equipo de Dinamización e Normalización Lingüística.(Coordinadora Alba Sierra)
- Departamento Actividades extraescolares e complementarias(coordinadora vicedirectora).
- Coordinadora de Benestar e Convivencia (Antía Gómez)
- Coordinación da Biblioteca e do Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares(coordinador Armando Sendín).
- Coordinación do Proxecto lector do centro.
- Coordinación do Proxecto E_dixgal(Alicia Pérez).
- Coordinación do Plan Dixital(Elena Morán).
- Coordinación das seccións bilingües.(Coordinadoras Montserrat Logroño e Isabel Noya).
- Coordinación da auxiliar de conversa(Montserrat Logroño)
- Coordinadora de Formación do profesorado(Alicia Pérez).
- Coordinación STEMBACH: Alexandre Ríos e Antonio Franco.
- Mantemento equipos informáticos (Antonio Gigirey).
- Mantemento aula virtual(Antonio Franco)
- Mantemento páxina web (Xosé Martínez).
- Coordinación e formación de equipos de mediación (María Jesús Socastro).
- Coordinadora do Plan de Igualdade(Alba Sierra)

A nivel de coordinación docente:

- Comisión de Coordinación Pedagóxica
- Departamentos Didácticos
- Departamento de Orientación.

A nivel do alumnado:

- Xunta de delegados do alumnado (na que estarán integrados todos os/as delegados/as e subdelegados/as de grupo, ademais dos representantes do alumnado no Consello Escolar)
- Plan de acción tutorial (a través do Departamento de Orientación e dos titores)
- Plan de convivencia (a través do Equipo de Dinamización da Convivencia e implicando a todos os membros da comunidade educativa).
- Plan de Igualdade.
- Plan de acollida.

A nivel dos pais, nais ou titores:

- Colaboración entre a ANPA e o IES
- A organización de charlas de orientación demandadas polas familias ou ofertadas polo centro.
- A comunicación cos centros adscritos achegándonos con charlas explicativas, xornadas de portas abertas.

A nivel doutras institucións:

Contamos tamén coa colaboración do persoal dos organismos seguintes: as universidades do SUG, programa "A Ponte"(Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo), SERGAS, persoal de servicios sociais, persoal da Garda Civil para impartir charlas, protección civil, Cruz Vermella, ADICAM, CODIMO.

Recursos Materiais:

O centro conta co seguinte equipamento desde o punto de vista tecnolóxico e instalacións:

- Zona Wi-Fi en todo o centro.
- Aula virtual.
- Biblioteca informatizada baixo o programa MEIGA (ver plan dinamización biblioteca) co selo de biblioteca inclusiva.
- AULAS E_DIXGAL en todos os grupos da ESO.
- Todas as aulas e talleres están dotadas dun ordenador para o profesorado canón e pizarra dixital.
- Dúas aulas de informática dotadas con 22 ordenadores para o alumnado e outro para o profesorado.
- Taller de tecnoloxía.
- Aula de música.

- Servizo de préstamo ordenadores portátiles para o alumnado.
- Catro talleres de Plástica.
- Tres laboratorios: un de Bioloxía e Xeoloxía, un de Química e outro de Física.
- Salón de actos.
- Pavillón.
- Ximnasio.

As instalacións do centro atópanse nun óptimo estado para o desempeño das actividades docentes. Destacar que, levouse a cabo por parte da consellería e con fondos europeos a remodelación total do pavillón.(Ver Espazos e instalación no PEC)

Recursos Económicos:

Para o exercicio económico 2023 o centro ten un orzamento de 86.588 euros.

III. PROXECTO EDUCATIVO:

O IES María Soliño, na actualidade, oferta as seguintes ensinanzas presenciais:

· Educación Secundaria Obrigatoria:

A oferta educativa segundo a nova lei LOMLOE, (*DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.*)

1ºESO:

As hora de disposición de centro son (1h Bioloxía e Xeoloxía+1h Lingua e Literatura Galega).

2ª Lingua Estranxeira: Francés/Portugués.

Proxecto Competencial : Móvete pola cultura.

2ºESO:

As hora de disposición de centro son (1h Matemáticas+1h Lingua e Literatura Galega).

2ª Lingua Estranxeira: Francés/Portugués.

Proxecto Competencial : Habilidades sociais.

Tecnoloxía e Dixitalización Bilingüe/ non Bilingüe

3ºESO:

2ª Lingua Estranxeira: Francés/Portugués.

Proxecto Competencial : Vida saudable.

Educación Dixital Bilingüe/ non Bilingüe

4º ESO: Agrupáronse as optativas por itinerarios.

2ª Lingua Estranxeira: Francés/Portugués.
Proxecto Competencial : Debate e actualidade.
Dixitalización Bilingüe/ non Bilingüe.
Tecnoloxía Bilingüe/ non Bilingüe.

· Bacharelato:

A oferta segundo a da nova lei LOMLOE (*DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.*):

Ciencias e Tecnoloxía, Humanidades e CCSS, Música e Artes Escénicas, Artes Plásticas, Imaxe e Deseño.

· Ciclo superior:

1ºCiclo formativo Superior de Acondicionamento físico.

2ºCiclo formativo Superior de Acondicionamento físico.

Datos curso 2023/2024:

Distribución do alumnado :

- Educación Secundaria Obrigatoria 1º,2º,3º e 4ºESO, cun total de 251 alumnos/as:
 - Dous 1º de ESO: 50 alumnos/as (con desdobres en algunhas materias)
 - Tres 2º de ESO: 83 alumnos/as (con desdobres en varias materias debido ao elevado número de alumnado con necesidades educativas especiais)
 - Tres 3º de ESO: 63 alumnos/as
 - Dous 4º de ESO: 55 alumnos/as (con desdobres)
- Bacharelato 1º e 2º cun total de 182 alumnos/as:
 - Catro 1º de Bacharelato, dos cales hai un de Artes Plásticas, Imaxe e Deseño, outro mixto con alumnado de Música e Artes Escénicas Ciencias, outro de Humanidades e CCSS, e outro de Ciencias. Total : 95 alumnos/as
 - Catro 2º de Bacharelato, dos cales hai un de Artes Plásticas, Imaxe e Deseño, un mixto de Música e Artes Escénicas con Humanidades e Ciencias sociais e dous de Ciencias. Total: 87 alumnos/as.
- Ciclo Superior:
 - 1º Ciclo formativo Superior de Acondicionamento físico: 30 alumnos/as.
 - 2ºCiclo formativo Superior de Acondicionamento físico: 28 alumnos/as.
- O total de alumnado actualmente é 491.

- A cadro de persoal docente é de 49 profesores/as : 47 PES, 1 PT e 1 profesora de Relixión Católica.

CALENDARIO DE AVALIACIÓNS

Calendario de datas de avaliacións aprobado na Comisión de Coordinación Pedagóxica do 12 de setembro de 2023

AVALIACIÓNS ORDINARIAS

1ª AVALIACIÓN	2ª AVALIACIÓN	3ª AVALIACIÓN e final ordinaria
ESO, BACH E CICLO 15, 18,19, 20 decembro. Entrega de cualificacións: 21 decembro	ESO, BACH, 1º CICLO: 15, 18, 19, 20 marzo. Entrega de cualificacións: 21 marzo 2º CICLO: 14 marzo Entrega de cualificacións: 15 marzo	2º Bacharelato: dependendo das ABAU 1º BACH : 11 xuño Entrega cualificacións: 12 xuño

AVALIACIÓNS 3ª PARCIAL E FINAL (ESO E 1º CICLO) E EXTRAORDINARIAS(1º e 2º BACH)

ESO, BACHARELATO, 1º CICLO e Final de módulos de 2º ciclo
Probas finais: 19, 20 21 de xuño Avaliacións: 24, 25 xuño Entrega de cualificacións: 26 xuño

- A avaliación extraordinaria de 2º BACH poderá sufrir modificacións, dependendo das instrucións da CIUG.

O día non lectivo, consensuado con algúns centros da comarca, proposto polo Claustro do 7 de setembro e aprobado no Consello escolar o 21 de setembro, é o **13 de outubro de 2023**.

IV. CONCRECIÓN CURRICULAR:

Segundo a lei orgánica 3/2020 LOMLOE e os decretos 156/2022 e 157/2022, do 15 de setembro, hai os seguintes cambios:

AVALIACIÓN, PROMOCIÓN E TITULACIÓN NA ESO

Normativa de referencia:

- [Leiorgánica3/2020](#), LOMLOE.
- *(DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.)*
 - *ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.*
 - *Orde 03/05/2023 calendario escolar*
 - *RESOLUCIÓN do 6 de xuño de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2023/24*

Avaliación na ESO:

- Haberá tres avaliacións parciais. **A terceira avaliación parcial e a avaliación final se realizarán a partir do 21 de xuño de 2024.**

Promoción na ESO

Promociona dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores. Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.



- b) Que a suma dos períodos lectivos semanais establecidos no anexo IV das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez. Para estes efectos non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.
- c) Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.
- d) Que o equipo docente estime que ten expectativas favorables de recuperación.
- e) Que o equipo docente estime que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.
- O alumnado que acade a promoción de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha das materias ou ámbitos, destinado á súa recuperación e á súa superación.
 - O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase logo de esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio.
 - En todo caso, a alumna ou o alumno poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio. De xeito excepcional poderase permanecer un ano máis no cuarto curso, aínda que se esgotase o máximo de permanencia, sempre que o equipo docente considere que esta medida favorece a adquisición das competencias establecidas para a etapa.

Titulación na ESO

Obterá o título de graduado en educación secundaria obligatoria o alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursados. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias clave establecidas no perfil de saída.
- c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

Matrícula de Honra

- As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivesen **unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos** **poderán recibir a mención de matrícula de honra**. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso.



- CRITERIOS ACORDADOS A SEGUIR EN CASO DE EMPATE:
 - 1º Maior media en 4º da ESO, considerando ata a centésima.
 - 2º Maior media en toda a ESO, considerando ata a centésima.

AVALIACIÓN, PROMOCIÓN E TITULACIÓN NO BACHARELATO

Normativa de referencia

- [Leiorgánica3/2020](#), LOMLOE.
- *DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.*
 - *ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación mesa etapa educativa.*
 - *Orde 03/05/2023 calendario escolar*
 - *RESOLUCIÓN do 6 de xuño de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2023/24*

Avaliación no BACHARELATO:

- Haberá tres avaliacións parciais. A derradeira destas tres sesións poderá coincidir coa avaliación final ordinaria.
A sesión de **avaliación final ordinaria do alumnado do 2ºBACH, dependerá das datas das ABAU.**
A sesión de **avaliación final ordinaria do alumnado do 1ºBACH será a partir do 10 de xuño de 2024.**
- O alumnado que non supere algunha materia, logo da avaliación final do período ordinario, coa finalidade de lle facilitar a súa recuperación, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria. As probos finais da convocatoria extraordinaria para 1º e 2º de bacharelato, realizaránse entre o 19 e o 21 de xuño de 2024.
A sesión de **avaliación final extraordinaria do alumnado do 1ºBACH e 2º BACH serán a partir do 21 de xuño de 2024.**
- No 2º de bacharelato, no período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria ata as datas de celebración das probas extraordinarias, o centro educativo organizará a impartición das clases co fin de preparar o alumnado para a realización da avaliación de acceso á universidade e das probas extraordinarias.

No 1º de bacharelato, o período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria ata o remate do período lectivo dedicarase á preparación e á realización das probas extraordinarias, e a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría.

Promoción no bacharelato

- As alumnas e os alumnos **acadarán a promoción de primeiro a segundo de bacharelato cando superen todas as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo.** Para estes efectos, só se computarán as materias en que estea matriculada a alumna ou o alumno
- O alumnado que acade a promoción ao segundo curso con materias pendentes deberá matricularse delas e cursalas ao longo do curso.
- As alumnas e os alumnos **do primeiro curso de bacharelato que non cumpran as condicións de promoción establecidas deberán matricularse de todas as materias e repetir o curso na súa totalidade.**
- As alumnas e os alumnos que ao termo **do segundo curso tivesen avaliación negativa nalgunhas materias poderán matricularse delas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas ou poderán optar, así mesmo, por repetir o curso completo.** Neste último caso, non se manterán as cualificacións das materias do devandito curso que a alumna ou o alumno tivera superado previamente.

Titulación no bacharelato

1. Para obter o título de bacharel cumprirá a **avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato.** Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a obtención do título de bacharel por unha alumna ou un alumno que superase todas as materias agás unha, sempre que se cumpran ademais todas as condicións seguintes:

- a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a ese título.
- b) Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia. *Considérase falta de asistencia continuada e non xustificada aqueles casos nos que haxa máis dun 10% de faltas sen xustificar nunha materia.*
- c) Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.
- d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo considerarase a nota numérica obtida na materia non superada.



2. O título de bacharel será único e expedirase con expresión da modalidade cursada e da nota media obtida, que se obterá calculando a media aritmética das cualificacións de todas as materias cursadas, expresada nunha escala de 0 a 10 con dous decimais, redondeada á centésima.

Para os efectos do cálculo da nota media para o alumnado que cambia de modalidade, de vía ou de materias, só se terán en conta as cualificacións das materias cursadas que, como mínimo, se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata.

3. Nas actas de avaliación final ordinaria ou extraordinaria de segundo curso, no expediente académico e no historial académico farase constar ademais unha media normalizada, calculada sen ter en conta a cualificación das ensinanzas de relixión, co fin de garantir o principio de igualdade e a libre concorrència entre todo o alumnado para os efectos de acceso a outros estudos, a obtención da mención de matrícula de honra e as convocatorias para a obtención de bolsas e axudas ao estudo.

Matrícula de Honra

- O alumnado que, **logo da avaliación final ordinaria do segundo curso, obtivese unha nota media do segundo curso igual ou superior a nove puntos poderá recibir a mención de matrícula de honra.** A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnos ou alumnas igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no segundo curso.
- CRITERIOS ACORDADOS A SEGUIR EN CASO DE EMPATE:
 - 1º Maior media en 2º Bacharelato, considerando ata a centésima.
 - 2º Maior media en 1º e 2º de Bacharelato, considerando ata a centésima.

V. LIBROS DE TEXTO E DEMAIS MATERIAIS CURRICULARES ESTABLECIDOS NO CENTRO

LIBROS TEXTO 2023 – 2024

ESO - PROXECTO EDIXGAL		
MATERIA	TÍTULO / EDITORIAL	ISBN
Inglés	Network 1º ESO Workbook / Ed. Burlington	978-9925-30-312-0
Inglés	Network 2º ESO Workbook / Ed. Burlington	978-9925-30-320-5
Inglés	Network 3º ESO Workbook / Ed. Burlington	978-9925-30-328-1
Inglés	Network 4º ESO Workbook / Ed. Burlington	978-9925-30-336-6
Lingua galega	Lingua e Literatura 1º ESO. Ed. Xerais	978-84-9121-869-2
Lingua galega	Lingua e Literatura 2º ESO. Ed. Xerais	978-84-1110-197-4
Lingua galega	Lingua e Literatura 3º ESO. Ed. Xerais	978-84-9121-870-8
Lingua galega	Lingua e Literatura 4º ESO. Ed. Xerais	978-84-1110-201-8
Portugués 1º ESO	Portugués em Foco 1. Ed. Lidel	978-989-752-379-3
Portugués 2º ESO	Portugués em Foco 1. Ed. Lidel (o mesmo de 1ºESO)	978-989-752-379-3
Portugués 3º ESO	Portugués em Foco 2. Ed. Lidel	978-989-752-217-8
Portugués 4º ESO	Portugués em Foco 2. Ed. Lidel – (o mesmo de 3ºESO)	978-989-752-217-8
Francés 1º ESO	LES REPORTERS 1 A1.1 Cahier d'exerc +CD	978-84-17260-10-1
Francés 2º ESO	LES REPORTERS 2 A1.2 Cahier d'exerc +CD	978-84-17260-15-6
Francés 3º ESO	LES REPORTERS 3 A2.1 Cahier d'exerc +CD	978-84-17260-20-0
Francés 4º ESO	LES REPORTERS 4 A2.2 Cahier d'exerc +CD	978-84-17260-25-5

MATERIA	1º BACHARELATO - TÍTULO / EDITORIAL	ISBN
Inglés	Make the Grade – Bachillerato 1 - Student's Book (Burlington)	978-9925-30-133-1
Lingua Galega	Lingua Galega e Lit. 1º Bach. Baía Ed. (consorcio ed. Galego)	978-84-9995-400-4
Portugués	Portugués em Foco 3. Ed. Lidel	978-989-752-277-2
Filosofía	Filosofía 1º Bachillerato – Ed. Mc Graw-Hill (edición galego)	9788448634353

MATERIA	2º BACHARELATO - TÍTULO / EDITORIAL	ISBN
Inglés	KEY TO BACHILLERATO 2 Student's B. (Oxford)	9780194611190
Lingua Galega	Lingua Galega e Lit., Bacharelato 2, Baía Ed. (Consortio Ed. Galego)	978-84-9995-431-8
Portugués	Portugués em Foco 3. Ed. Lidel (o mesmo de 1º bach)	978-989-752-277-2

VI. HORARIO XERAL DO CENTRO

- Os criterios de elaboración dos horarios do alumnado e profesorado baseáronse no que se sinala na lexislación vixente.

O horario xeral do IES é o seguinte:

1. Horario lectivo:

- Para ESO e BACHARELATO:

Luns e mércores de **08:30 h – 15:00h.**

Martes, xoves e venres de **08:30 h – 14:00h.**

Luns e mércores hai sete períodos lectivos de 50 minutos, cun lecer de 20 minutos entre o terceiro e cuarto período lectivo e outro de 20 minutos entre o quinto e sexto período lectivo. Martes, xoves e venres hai seis períodos lectivos cun período de lecer de 30 minutos entre o terceiro e cuarto período lectivo.

- Ciclo Formativo:

Luns, mércores e venres de **08:30 h – 14:50h.**

Martes e xoves de **08:05-14:50h.**

O centro está aberto desde as 8:05 para o alumnado, hora na que chega o transporte escolar, o alumnado estará custodiado polo profesorado de garda.

Os horarios por grupos e ensinanzas irán no DOC.

2. Horario para ó alumnado das distintas instalacións e servizos do centro :

AULAS: durante os períodos de clase e sempre con presenza do profesor ou profesora.

BIBLIOTECA: durante os recreos.

SALÓN DE ACTOS: Para impartir clase de Artes Escénicas e charlas.

PAVILLÓN: durante o período no que se imparten clases e nos recreos si hai algunha actividade con profesorado acompañante.

SECRETARÍA: permanece aberta durante o curso escolar os días lectivos, máis os meses de xullo e setembro o horario de atención ao público é de 9:00 – 14:00h de luns a venres, e de 10:30 a 12:30 no mes de agosto.

O persoal de secretaría, fará excepcionalmente horario pola tarde por necesidades do centro: avaliacións, procesos de escolarización, matrícula en xullo e setembro etc.

CONSERXERÍA: O persoal de conserxería exerce as súas funcións a xornada completa de mañá e excepcionalmente de tarde cando se precisa por exames, avaliacións, claustros, CCP ou por necesidades derivadas por procesos de escolarización, procesos electorais etc.

CAFETERÍA: permanece aberta durante o curso escolar os días lectivos de 8:30 a 14:00h.

3. **Horario do centro(fora do horario lectivo):**

De 8:00 a 15:00h.

4. **Horario de verán:**

Atención ao público:
Xullo de 9:00 a 14:00h.
Agosto de 10:30 a 12:30h.

5. **Horario do persoal de limpeza:**

Tres limpadoras farán de luns a venres o seguinte horario: de 14:30 a 22:00h.

Unha limpadora fará media xornada, de luns a venres de 14:30h. a 18:15 h.

VII. **ORGANIZACIÓN DE SERVICIOS COMPLEMENTARIOS**

1. TRANSPORTE ESCOLAR:

a situación particular do Instituto, nun lugar situado lonxe da case a totalidade dos núcleos de poboación dos que procede a gran maioría do alumnado, obriga a que este deba ser transportado ao centro educativo. Deste xeito, a Consellería de Educación e O. U. pon a disposición do noso alumnado cinco liñas de transporte que son:

1-CERQUEIRO:

ruta 24PO001

MENDUIÑA, SAN AMARO, ROZABALES, CRUCE HERBELLO, HERBELLO.

Nesta ruta figuran 40 alumnos/as de ESO

2-CERQUEIRO:

ruta 24PO002

DONÓN, VIÑO, NERGA, CRUZ DE CASTRO, CARBALLO, VISO, LIMÉNS, DARBO, GATAÑAL, SAN ROQUE, CASTELO.

Nesta ruta figuran 40 alumnos/as de ESO

3-CERQUEIRO:

RUTA 24PO003

VILANOVA, PINTÉNS, DOADE, IGREXARIO-HIO, VILARIÑO, SAN CIBRÁN, VEIGA DE ARRIBA

Nesta ruta figuran 59 alumnos,/as de ESO

1-A UNIÓN – MONBÚS:

RUTA 99PO0065

CASA DO MAR/CONCELLO, ESTACIÓN AUTOBUSES, FROIZ, CAMIÑO VELLO SAN ROQUE e FAMILIA.

Nesta ruta figuran 59 alumnos/as de ESO

2-A UNIÓN – MONBÚS

RUTA 99PO0067

NAZARET, GALAS, BARRIO DAS FLORES, ANUSKA e MAGDALENA

Nesta ruta figuran 59 alumnos/as de ESO

Para transportar o alumnado de Bacharelato veñen dous autobuses máis, son rutas que no seu momento xestiona a ANPA: unha que ven recollendo ao alumnado dende Domaio-Moaña, outra dende Aldán. Todo o alumnado de Bacharelato debe pagar transporte, xa que non hai dispoñibilidade de prazas no transporte escolar e dado que non hai ningunha liña de transporte regular con parada no centro.

O dereito de uso do servizo de transporte escolar ven regulado pola Instrución 1/2023 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do 29 de maio, sobre a xestión do servizo de transporte escolar no curso 2023-2024.

2. CAFETERIA:

Horario: 8:30 a 14 h.

Persoa responsable: Demelsa Refojos

VIII. PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO NO CENTRO:

Dependerá das demandas dos distintos departamentos e da oferta do CEFORE e outros cursos.

A maioría do profesorado xa realizou ou vai realizar ao longo deste curso actividades formativas en relación coas materias da súa competencia docente e outras coma o coñecemento de linguas. Destacando, entre outras, as seguintes: Elaboración de programacións coa aplicación PROENS, aulas virtuais, E_Dixgal, TICs, temas de convivencia, protección de datos, robótica, manexo de folla de cálculo, cursos de imaxe e son, especialización en diversas modalidades deportivas, routeiros literarios, xornada de filosofía, etc.

Algúns profesores/as foron ou van ser poñentes en cursos do CEFORE, USC e xornadas organizadas por distintas Institucións.

→ **plan de formación permanente do profesorado:**

No curso 2023/2024 o centro solicitou un PFFP para tratar de mellorar diferentes campos dentro do centro, no que participa a maioría do profesorado. As liñas de traballo son:

- 1.- Experimentos con Ciencia (Competencia didáctica. Grupo de traballo 30h. Coordinadora Beatriz Aldao Curra).
- 2.- Implementación do Plan Dixital (Competencia dixital. Seminario 20h. Coordinadora Elena Morán Rúa).
- 3.- Aproveitamento didáctico de Edixgal -(Competencia dixital. Seminario: 20 h. Coordinadora: Pérez Rodríguez, Alicia Pérez)

IX. PLURILINGÜISMO:

PROFESORADO RESPONSABLE:

Coordinadoras; Monserrat Logroño e Isabel Noya.

Profesores AICLE/CLIL: Antonio Franco, Alicia Pérez.

SECCIÓNS BILINGÜES:

Curso	Nº Grupos	Nº de alumnado	Autorización país	Materias	Lingua
2ºESO	1	15	sí	Tecnoloxía e Dixitalización	Inglés
4ºESO	1	23	sí	Dixitalización	Inglés
4ºESO	1	12	sí	Tecnoloxía	Inglés

MECANISMOS DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROGRAMA DE SECCIÓNS BILINGÜES

Reunión semanal entre a coordinadora e profesor.

Entrega de memoria final.

Entrega aos alumnos de recoñecemento.

MECANISMOS DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO AUXILIAR DE CONVERSA

O centro dispón dunha auxiliar de conversa en Inglés, con horario completo.

Asiste aos/ás docentes CLIL como apoio lingüístico na aula.

Apoia aos/ás docentes CLIL na planificación das clases e na elaboración de materiais didácticos

Asiste aos/ás docentes de lingua inglesa como apoio lingüístico na aula

X. PROGRAMAS E PLANS NO CENTRO:

→ **Proxecto STEMbach:**

Continúase co grupo do ano anterior en 2º de bacharelato e créase un novo grupo en 1º de bacharelato

O proxecto STEM de 1ºBACH trátase de realizar un proxecto de investigación en colaboración coa facultade de Enxeñería de , -----

O grupo de 2º BACH continúan co proxecto iniciado

O radon na nosa contorna. Desenvolvémonos en condicións de seguranza?

Este proxecto pretende formar aos estudantes nas metodoloxías que permitan avaliar o grao de exposición ao radon na súa vida cotiá, medindo e analizando concentracións deste gas nobre en diversos espazos de uso diario e tendo en conta as diferentes variables que condicionan a súa acumulación: base granítica do solo, altura con respecto ao mesmo, ventilación, temperatura, humidade ou presión. Comezarase, polo tanto, por efectuar un "mapa do radon" no noso centro de ensino, o IES María Soliño (Cangas). Ademais, contrastaranse os resultados obtidos experimentalmente coas disposicións normativas en termos de exposición ao radon formuladas por diversos organismos internacionais como a Organización Mundial da Saúde (OMS) ou a Unión Europea (UE). Á luz destas conclusións, poderanse propor e activar protocolos de actuación sinxelos para mellorar a nosa seguranza en termos de exposición e doses absorbidas de radon, evitando exposicións prolongadas a concentracións elevadas deste elemento.

O proxecto baséase na colaboración entre diversos profesores e profesoras da ***Escola de Enxeñaría Industrial da Universidade de Vigo***, do ***Centro Universitario da Defensa*** da Escola Naval Militar de Marín (cuxo profesorado depende así mesmo da Universidade de Vigo) e o profesorado dos departamentos de Física e Química, Tecnoloxía, Bioloxía e Matemáticas do ***IES María Soliño***. O alumnado presentarán o proxecto en febreiro, na facultade.

A distribución de funcións é a que se sinala a continuación.

Responsables: Coordinadores STEM. 1º BACH Antonio Franco 2ºBACH Alenxandre Ríos

Alumnos/as:1º BACH : 14 2ºBACH :14

→ **Contrato-Programa:**

Solicítáronse as seguintes modalidades do contrato-programa:

CPIInnova:

01. EDUinnova:

Trátase do desenvolvemento, exposición e presentación de pequenos proxectos



tecnolóxicos, mediante o método de proxectos, no que tentarán dar solución a problemas cotiáns mediante o uso dos coñecementos científicos e a tecnoloxía. Creando un club de robótica.
Alumnado de 1º, 2º, 3º e 4º ESO.

Profesorado:

- Alicia Pérez Rodríguez (Tecnoloxía)
- Antonio Franco Alonso (Tecnoloxía)
- Sabela Guevara Alonso (Tecnoloxía e Inglés)
- María Montserrat Logroño Silva (Inglés)
- Aránzazu Vega Merayo (Matemáticas)
- Rebeca Prieto Guijo (Tecnoloxía e Bioloxía e Xeoloxía)
- Alba Sierra Fernández (Lingüa Castelá)

02. EDUexcelencia

Desenvolvemento, exposición e presentación de pequenos proxectos proxectos audiovisuais elaborados polo alumnado do bacharelato de artes escénicas cos recursos audiovisuais do centro e pensados para poñer en público

2. Creación dunha estrutura equivalente a unha productora audiovisual onde o alumnado non so presente os seus propios traballos senón que fagan reportaxes, recolleitas e testemuñas dos proxectos realizados por outros compañeiros doutras materias e niveis

3. Dentro desta estrutura organizativa, o alumnado asumirá responsabilidades na organización dos distintos eventos e celebracións dentro do centro (festivais, celebracións de datas destacadas, cerimonias, etc) como equipo técnico de coordinación e xestión de recursos audiovisuais.

4. Igualmente, elaboraráse un proxecto escénico con elementos audiovisuais que se presentará por parte do alumnado de artes escénicas no Festival de Teatro no Ensino Secundario no Morrazo.

4. Haberá un seguimento nos recreos, así como talleres específicos impartidos por especialistas.

Contémplase a posibilidade de presentar os mellores proxectos a Galicia ou calquera outra convocatoria na que puideran estar enmarcados, sempre e cando se realicen.

5. A presentación pública dos proxectos desenvolvidos realizarase a través de distintas vías dixitais vinculadas ó centro (páxina web, redes sociais) así como en eventos de presentación dentro do propio centro. Igualmente se presentará o proxecto escénico xa citado no Festival de Teatro no Ensino Secundario no Morrazo

Alumnado:

- 3º ESO A,B,C (Música)
- 4º ESO (Música)
- 1º Bacharelato Artes Plásticas e Artes Escénicas e Musicais
- 2º Bacharelato Artes Escénicas Musicais



Profesorado:

- Alicia Pérez Rodríguez (Tecnoloxía)
- María Montserrat Logroño Silva (Inglés)
- Aránzazu Vega Merayo (Matemáticas)
- Alba Sierra Fernández-Noriega (Lingüa Castelá)
- Susana Otero García (Grego)
- Ana Mejía Gallego (Música)
- Seila Acuña Ferradanes (Artes Plásticas)
- M^a del Carmen González (Artes Plásticas)

CPInclúe:

01. QUÉDA-T

1. Identificar as dificultades do alumnado relacionadas co seu estilo de aprendizaxe.
2. Mellorar a adquisición das competencias clave no alumnado en risco de fracaso escolar.
3. Aumentar as posibilidades de éxito escolar.
4. Detectar as necesidades educativas que poida presentar o alumnado para ofrecerlles unha resposta educativa axeitada.
5. Valorar o estado emocional de alumnado en risco.

Alumnado: Todo o alumnado do centro.

Profesorado:

Antía Gómez Piñeiro Dto de Orientación
Montserrat Logroño Silva Xefatura de estudos
Ana Mejía Gallego Dto Música
Ana Belén Calvo Pérez Dpto Matemáticas-

02. IGUÁLA-T

Desenvolvemento de eventos reivindicativos fóra e dentro do centro.
Sensibilización do alumnado por medio de obradoiros e diferentes actuacións no propio centro.
Elaboración de murais e artigos con temática LGTBI+.
Homenaxe a referentes próximos e colaboración activa con CODIMO (Colectivo Diverso do Morrazo).
Conmemoración de datas fundamentais como o 25N ou o 17 de Maio.

Alumnado: Todo o alumnado do centro.

Profesorado:

Alba Sierra Fernández-Noriega Lingua castelá e literatura
Lúa Iglesias Cordón Lingua castelá e literatura
María Jesús Socastro Garrote Lingua castelá e literatura

Beatriz Aldao Curra Física e química
Susana Otero García Grego
María Arántzazu Vega Merayo Matemáticas
María Montserrat Logroño Silva Inglés
Ana Mejía Gallego Música
Julio Abal Silva Música
María Mercedes Jara Fernández Educación Física
Rebeca Prieto Guijo Biología
Antía Gómez Piñeiro Orientación
Víctor Manuel Álvarez Álvarez Pedagogía Terapéutica
Seila Acuña Ferradanes Artes
Carmen González Otero Artes

03. CONVIVE-T

Creación dun grupo escolar para prevención e xestión dos conflitos escolares.
Mellora da convivencia escolar
Prevención do acoso
Dotación ao alumnado dunha actitude asertiva e empática
Necesidade de materias e recursos para as actividades de mediación

Alumnado: Todo o alumnado de ESO.

Profesorado:

Antía Gómez Piñeiro Dto de Orientación
Montserrat Logroño Silva Xefatura de estudos
Ana Mejía Gallego Dto Música
M^a Jesús socastro Garrote
María Mercedes Jara Fernández
Ana María Camaño Piñeiro
Ana Belén Calvo Pérez

04. INCLÚE-T

Proxectos de laboratorio trimestrais. Constituiranse en Outubro Novembro do 2023 e o desenvolvemento destas actividades comezará con unha reunión inicial do equipo cos participantes para poder distribuir as actividades en función do número de alumnas e alumnos anotados, o nivel educativo o que pertencen e a participación en proxectos anteriores.

Cada trimestre se proporá un tema como pode ser o medio ambiente, elaboración de plásticos biodegradables ou a identificación de minerais e crustáceos dende o departamento de biología. O longo do trimestre se irán desenvolvendo as actividades propostas durante os recreos.

2. Conmemoración de datas importantes: O longo de estas actividades faremos fincapé en días concretos como pode ser o día internacional da alimentación no primeiro trimestre do curso, o día da auga en marzo ou o día internacional do medio ambiente, propoñendo actividades con materiais nos que se fomente o debate dunha forma amena e nos permita inculcar o alumnado inquietudes sobre estes temas.

3. Saídas/visitas: Farase unha visita ó museo Domus, acuario e a casa das

ciencias na Coruña.

Alumnado: Todo o alumnado de 2º e 3º ESO.

Profesorado:

Departamento de Física e Química:

Beatriz Aldao Curra

Alexandre Ríos Entenza

Ana Belén Calvo Pérez

Departamento de Bioloxía:

María del Carmen Ramos Villar

Rebeca Prieto Guijo

05. EMOCIÓN-T

Mellorar a capacidade de atención e concentración de noso alumnado a través de talleres y actividades prácticas.

Mellorar a escoita e a empatía compartindo experiencias, ideas e emocións cos compañeiros e a familia.

Previr estados mentais negativos.

Fomentar a creatividade.

Alumnado: Todo o alumnado de ESO e Bacharelato.

Profesorado:

M^a Carmen González Otero

Seila Acuña Ferradanes

Alberto Pena Rey

→ **DIGITALWEEK 2023**

Inmersión lingüística activa en lingua Inglesa, nun centro en Galicia con profesorado nativo.

Actividades propostas:

EMBODIMENT AT THE SOCIAL NETWORKS: MY AVATAR

- Bloquear aos haters con palabras clave que redirixan as mensaxes insultantes directamente ao lixo.

Key words: rude words, sentences including certain ugly expressions.

-Crear iconas para marcar situacións persoais delicadas.

-Fomentar a autoestima co deseño de novos emojis que indiquen o estado persoal.

-Deseñar unha app sinxela de manexar, utilizando datos tomados dun breve cuestionario sobre a exposición persoal en redes, para controlar a exposición e o tratamento da identidade nas mesmas.

- Introducir como `campo obrigatorio` no devandito cuestionario items tales coma:

loneliness, anxiety, inadequacy about sb's life or appearance, negative experiences, self-harm,...

-Crear cadanseu propio Avatar como protección preventiva.

Alumnado: 3ºESO(25 alumnos/as)

- EduExchanges
Presentado polos departamentos de inglés e de tecnoloxía, trátase dun intercambio escolar cun centro de Polonia, Krzysztofa Kieslowskiego Zielonej Górze que se ofertaría para alumnado de 1º de bacharelato neste curso 23-24.
- **SPRINGWEEK**
Trátase dun programa de inmersión lingüística activa dunha semana de duración nun centro de Galicia enmarcado na estratexia galega de linguas estranxeiras EDUlingüe, solicitarase para alumnado da ESO
- **Plan proxecta.**
 - Proxecto Terra: co título "Investigando na nosa contorna"

O noso centro leva xa anos participando no Proxecto Terra, polo que pretendemos darlle continuidade. Comparar as realidades da Galicia costeira e do interior no pasado (e no presente), a través do estudo das actividades económicas predominantes e os seus oficios, os exemplos de arquitectura popular que lles eran propios, etc.

Ampliar o vocabulario co estudo dos campos semánticos referidos a oficios tradicionais, con especial atención ao mundo dos muiñeiros, dos zapateiros e dos mariñeiros.

Estudo da toponimia, partindo do estudo dos xentilicios do alumnado.

Coñecer os elementos etnográficos, en especial bailes e cantigas, asociados aos oficios tradicionais. Este curso traballaremos o Proxecto Terra en 2º da ESO nas horas das materias de Xeografía e Historia, Lingua Galega, Lingua Castelá, Música e Tecnoloxía.

Solicitaremos a visita a Allariz para complementar o traballo proposto.

XI. PROGRAMA DE FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABAJO

• Titora de FCT

Durante o curso 2023-24 a titora de formación en centros de traballo será Mercedes Jara Fernández, profesora que pertence ao departamento de EF do centro.

• Periodos

A formación en centros de traballo durante o curso escolar contempla dous periodos:

Periodo I.- Outubro-décembro de 2023.

Un alumno desenvolverá as prácticas neste período no presente curso.

Periodo II.- Abril-xuño 2024.

Un total de 25 alumnas/os realizarán as prácticas neste período e estamos pendente da validación das mesmas por parte doutro alumno.

Os criterios utilizados para elixir as empresas colaboradoras e para a adxudicación do alumnado son:

- ✓ A afinidade do alumnado co traballo a desenvolver.
- ✓ A idoneidade para a labor a realizar na empresa.
- ✓ A proximidade da empresa ao domicilio do alumnado, xa que a beca, se lles corresponde, non cubre en moitas ocasións os gastos de desprazamento.

En canto a FCT deste segundo período, enviarase a relación de alumnado e empresas a finais do mes de marzo unha vez realizada a avaliación do alumnado.

- **Calendario de traballo:**

1. No primeiro trimestre do curso, o alumnado seguindo os criterios antes mencionados, tratará de decantarse cara a mellor opción para levar a cabo as súas prácticas e persoalmente tomará contacto con posibles empresas afíns mantendo informado o titor do centro educativo das súas preferencias. Na medida do posible a titora irá establecendo contacto coas empresas polas que o alumnado teña moi claro o seu interese.
2. No segundo trimestre (ata mediados de marzo) o profesor asignará a cada alumno/a unha empresa tratando de respetar as afinidades de cada un/unha e iniciará ou continuará afianzando os contactos cos responsables das empresas de cara a "adiantar" e rexistrar os datos necesarios no sistema.
3. No segundo trimestre (ate finais de marzo), formalizaranse os convenios para a execución do proceso de prácticas. Dentro desta posibilidade, a titora intentará que o proceso e remate coa formalización de convenios se realice canto antes e teñamos marxe para solucionar posibles imprevistos.
4. Previsiblemente sobre o 11 de abril empezará o periodo de prácticas que se extenderá ata que o alumnado complete as horas e/ou finalice o prazo. Paralelamente o alumnado deberá elaborar o proxecto.
5. No terceiro trimestre (previsiblemente antes do 16 de xuño), o alumnado que superou o periodo de prácticas presentará no centro o seu proxecto final de cara á súa avaliación.

Proxecto:

O módulo profesional de Proxecto desenvolverase logo da avaliación positiva de todos os módulos profesionais de formación no centro educativo, coincidindo coa realización do módulo de Formación en centro de traballo, e avaliarase logo de cursado este, co obxecto de posibilitar a incorporación das competencias adquiridas nel. Segundo a normativa, organizarase sobre a base da titoría individual e colectiva. Tendo en conta a cantidade de alumnos/as e as horas a disposición para a súa atención, no centro tratarase de organizar, na redistribución horaria do último trimestre, o apoio á titoración por parte do profesorado do centro "liberado" de horas. (epígrafe c. Apoio á titoría de ciclos formativos e á coordinación e o seguimento da FCT e do módulo de Proxecto, no caso de ciclos formativos de grao superior.)



Dado que este módulo non ten horario asignado, nin para o profesorado nin para o alumnado, de docencia directa, manterase actualizado un curso da aula virtual onde o alumnado e o equipo docente se poida familiarizar co guión, requisitos e criterios de avaliación do proxecto. Cada profesor tratará de reforzar, axudar e asesorar naqueles apartados de contidos mais afíns as súas materias e perfís.

XII. PLAN DE ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE:

O persoal non docente está formado por dous administrativos, tres conserxes e catro membros do persoal de limpeza (unha delas a media xornada).

A secretaria do centro é a encargada de organizar e coordinar ó persoal non docente, repartindo as tarefas que correspondan e repartindo as vacacións tendo en conta o funcionamento do centro.

No caso do persoal de limpeza, cun acordo previo, cada limpadora ten asignada unha zona do centro ademais de limpar algunha zona de forma conxunta como é o pavillón.

- O horario dos auxiliares administrativos é de luns a venres de 7:45 a 15:15h.
- O horario do persoal de conserxería é de luns a venres de 7:45 a 15:15h.
- O horario do persoal de limpeza:

Tres limpadoras farán de luns a venres o seguinte horario:

Luns e mércores: de 14:30 a 22:00h.

Martes, xoves e venres: de 14 a 21:30h.

Unha limpadora fará media xornada, de luns a venres de 14:30 a 18h.

XIII. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

Realización do simulacro, coordinado con protección civil e policía local.

O documento pódese encontrar na Web do centro.

XIV. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO

Protocolo para a solicitude de utilización do pavillón: Os interesados/as para a utilización das instalacións do centro o solicitarán á dirección do centro. E no caso de utilizarse, asinarase un documento coas condicións de uso e responsabilidades.

Horarios dispoñibles: Horario de 16h. a 22h..Solicitudes xa cursadas : Balonmán Cangas e Futsal Morrazo, en horario de 17:00h. a 22:00h.

XV. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO

- ✓ Mensualmente, a CCP, fará un seguimento das medidas aplicadas para a consecución dos obxectivos propostos cara a detectar as insuficiencias da mesma e o seu grao de realización.
- ✓ Trimestralmente, o claustro de profesores e o consello escolar valorará o grao de cumprimento dos obxectivos e se farán propostas de mellora.
- ✓ Analizaranse os resultados académicos. O desenvolvemento dos diferentes plans e proxectos. O desenvolvemento das programacións. A Convivencia e relación coas familias.
- ✓ Por último a Memoria Anual, ao remate do curso, recollerá os resultados da avaliación final: grao de cumprimentos dos obxectivos, suficiencia e idoneidade das medidas e dos recursos aportados, xestións dos recursos: humanos, espazos, económicos.
- ✓ Os recursos utilizados serán reunións de coordinación: Claustro, CCP, Consello Escolar, Departamentos, de grupos, etc... Enquisas, buzón de suxestións, e calquera outro medio.
- ✓ Actualización dos documentos do centro.